


O XORNAL GALICIA (1922-1926)

O alento da modernidade

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

PRENSA & CrIAcIóN
A NOSA TERRA

Primeira edición
Marzo 2004
© Consello da Cultura Galega
© Polas características técnicas desta edición
Promocións Culturais Galegas S.A.
Deseño da Colección:
Xoselo Taboada
I.S.B.N.
84-96203-53-0
Deposito legal
Vg-409-2003
Imprenta:
Comercial Gráfica Nós, S.A.

Prensa e galeguismo

Margarita Ledo Andión
Universidade de Santiago de Compostela

Ese par de dous. Prensa e Galeguismo. Esa estructura, a día de hoxe, ausente. Eses cen anos que poderían ir do 1836, da *Tertulia de Picaños*, aquelas follas de axitación, "en gallego y en diálogo", sinala Soto Freire, que fan a súa aparición por entre a campaña liberal, ata o golpe dè Estado fascista do xeneral Franco no 1936 e o fusilamento, no cárcere de Pontevedra, do director do semanario *A Nosa Terra*, órgano do Partido Galeguista. Lingua e intervención política, é dicir, a prensa como suxeito na historia e non só como reflexo e como resultado da marcha da historia, son os esgos inconturnábeis para internarnos nestes dous termos de difícil cohesión.

Trátase, neste caso, de saber se sería posíbel un proxecto coma o *Galicia* de non contarmos, cidadáns sen papeis, coa construcción dun modo de pensa-la prensa que é, de seu, un dos alicerces da configuración do galeguismo como programa, como proposta con vontade de hexemonía. Advirto, dende xa, que non. Porque tamén eles, como Lenin, propuxeran un *Iskra*, un periódico para toda Galicia, un periódico para homoxeneiza-la opinión, para fomenta-lo ideario de alianza de clases, do chamado bloque social de consenso, no que a prensa de masas se vai demostrar tan eficaz. Porque tamén eles pensaron o periódico como un organizador colectivo, tal o chum-

bo que deixará ver por onde se vinculan e de que xeito se entrenzan os diferentes materiais, tal a estada —versátil e transformable— que se desfará cando o edificio estea construído. Tamén eles, como Vladimir Illich Illianov, escriben textos xustísimos en resposta ós *Svoboda* e ós críticos de *Robodeie Dielo*, ós defensores da multitude de periódicos locais, ós "concretos" que acusaban o grupo de *Iskra* de literatos e de traballadores de gabinete. A historia, o tempo, coma sempre, correu á présa contra dos "concretos" e foi reclamando a chegada dos que pensan Galicia como "o ámbito de tódolos ámbitos".

Iniciámo-lo percurso de "Prensa e galeguismo" remarcando que usamos esta denominación para todo o proceso, e para tódolos sinais que restan dese proceso de recuperación política consciente da nosa identidade nacional. E entre os sinais, a prensa.

A notación de pertenza a Galicia é, para nós, o primeiro tópico, como o é, a seguir, a declaración explícita de identificación co tópico: *El Idólatra de Galicia* (1841), *La Situación de Galicia* (1842), *El Emancipador Gallego*. No 1845 un semanario estrea o lema que se vai converter na nosa estrela: "Todo para Galicia". Nacera *El Porvenir*, que pasará de se-la "revista de la juventud gallega" a transformarse no periódico da xeración dos Mártires de Carral. Unha xeración ilustrada e racionalista, atraída por disciplinas sociais, que saben da importancia da Historia para establece-la nosa propia diferencia e para forza-lo recoñecemento polo outro, algo tan da época; unha xeración que coñece as correntes de pensamento europeo e que se sente preto dos que van máis alá, dos utópicos, da súa preocupación pola educación ou pola cuestión da muller. Unha xeración que defende a organización e o asociacionismo. Unha xeración que vai establecer un certo estilo e unhas certas constantes para que saibamos como se traslada a diferencia á acción. Por exemplo á prensa.

O compromiso político co país, a dedicación informativa ao país, a intención solidaria e mailo combate ideolóxico á idea que España —o outro— dá de Galicia. No seu número 13 a cabeceira insire a frase "Todo para Galicia", unha frase

que atravesa o século das grandes angueiras, o XIX, na variante "Todo por Galicia, todo para Galicia" en *El Clamor de Galicia*, A Coruña, 1855; en *La Oliva*, Vigo, 1856; en *La Concordia*, Vigo, 1873, ou na versión "Galicia ante todo, Galicia sobre todo" en *El Heraldo Gallego*, Ourense, 1874.

O lema que nos fai de guieiro éo porque amosa como callara a concepción nacional da prensa, prensa progresista como *La Oliva* (segundo o modo de nomea-las cousas no seu tempo) ou prensa moderada, como *El Heraldo Gallego*, pero diferenciándose da outra prensa polo seu antilocalismo, pola visión global da problemática galega, pola ponderación nacional da temática e por sucumbir ben pola represión, ben ao se consolida-la alianza dos grandes propietarios agrarios coa oligarquía do sector industrial.

O paso adiante chega no 1878 con *O Tío Marcos da Portela*, unilingüe, con *O Galiciano*, 1887, e singularízase de seu co semanario *A Monteira*, Lugo, 1889. Detrás de *A Monteira* está un sector social como os propietarios medianos agrarios, confesionais e rexionalistas, en confrontación coa política gobernamental, e no seu número 11 este editorial no que se reivindica o ferrocarril:

> "Có primeiro rail que s'asente, deben os capitalistas galegos asental-os cimentos de grandes e fortes asociaceons (...) de que Galicia faga por sí e valéndose d'as suas própeas forzas, o que tantos anos estivo agardando d'os nosos gobernantes".

Pouco durou *A Monteira*; foron escasas as posibilidades para este "semanario d'intreses rexionales e literatura" que se opuña ao federalismo, e tamén foron escasas as posibilidades para os intereses de clase que representou. No 1907 entramos no século XX coa preocupación centrada na modernización da agricultura e na organización do campesiñado; iniciamos unha nova andaina coa cabeceira, bilingüe, de *Solidaridad Gallega*, con *A Nosa Terra*, que desaparece no 1912. Reaparece, unilingüe, entre 1916 e ata xullo do 1936, como boletín

das Irmandades da Fala para se transformar, en tempos da II República, no órgano do PG.

Quizais conveña constatar outra volta algo ben coñecido e que está na orixe destes dous, deste vieiro en paralelo polo que discorre "Prensa e galeguismo": pasar a considera-lo galego como elemento activo da producción da información, non como legado ou como vehículo de cultura senón como constitutivo das relacións sociais de comunicación, como propio para a prensa de masas, foi unha das contradiccións en aberto, un baldío no que a penas se encontran acción e opinión. Emporiso o galego non entrou nos periódicos de empresa do galeguismo, nos chamados periódicos modernos de modelo informativo-interpretativo, e foise especializando na prensa de grupo e de opinión. Ó igual que na política, pensa-lo galego non como resultado senón como operador e como escaparate da modernidade foi unha das eivas que, para nós, eliminou a posibilidade de ir definindo, coa prensa de masas como nó organizador, un sector urbano, de cadros e emprendedor, que ollase para o galeguismo como parte do seu interese. Restan algúns nomes; unha doazón acó, Valentín Paz Andrade, outra acolá, Enrique Peinador. Réstano-la liberación da subxectividade que chegará, segundo Toni Negri na súa *Historia do Comunismo*, entre París e Praga, entre as mobilizacións estudiantís de Compostela no sesenta e oito e as loitas obreiras do setenta e dous.

Está aínda por realizar unha pescuda en profundidade arredor da xénese da prensa de masas en Galicia e a creación desa sorte de "estado de necesidade" entre as condicións económicas, tecnolóxicas, socio-profesionais, políticas e culturais que precisan —lémbrense— do desenvolvemento das liberdades, dun grao significativo de concentración urbana, por suposto dunha poboación alfabetizada, dunha puxa no poder adquisitivo e da incorporación da idea de lecer.

Entrementres, do que si sabemos é de determinados síntomas que nos falan da emerxencia das devanditas condicións, como por exemplo o auxe do asociacionismo —a Asociación da Prensa da Coruña fúndase no ano vinte—, o incremento

dos cadros de persoal nos xornais, a poxa da tiraxe e a tendencia ascendente do uso do galego ademais da *PUB* —a publicidade—, o desenvolvemento das artes gráficas, a diversidade de modelos ou a organización dos xéneros e das figuras redaccionais cunha cariátide visíbel que é o uso regular da imaxe fotográfica e da caricatura e maila viñeta de autor. Castelao na primeira páxina.

É a partir do coñecemento desta xénese como poderiamos analizar e comparar nas coordenadas do seu tempo os periódicos de empresa que aínda perduran hoxe con outros desaparecidos e que se chamaron *El Orzán*, *La Zarpa*, *El País*, *Galicia,* etc.

Non tendo esa ancoraxe, retorno á miña propia reflexión. Vai para vintetrés anos comezabamos a Tese de Licenciatura sobre o proceso de galeguización da prensa coa afirmación de que un síntoma "pencha e teimosamente calado, da asunción dunha consciencia política galega, ao longo do XIX, éo a prensa, a determinación pro-galega dun sector da prensa" para nos interrogar se houbera ou non unha pasaxe natural desta opción, acorde co seu tempo e co novo signo daquel tempo —por exemplo, o nacionalismo igualitarista e mailo socialismo— para un seu novo rol; se se chegara a formular que o galeguismo era sobre todo unha cuestión da prensa de masas, da outrora nomeada prensa popular, na mudanza para o XX e nas condicións derivadas da fin da IGM.

Neste intre arriscaría un si. Todo me leva a pensar —e o *Galicia* é un destes elementos do si— que a prensa foi un nó de dilemas e de preocupacións para o galeguismo e que o fracaso de non contarmos con diarios ordinarios en galego non se deberá tanto á febleza do seu proxecto como ó cativo apoio de sectores económicos fundamentais para tal intervención. Anos máis tarde, cando a cidadanía tiña ampla capacidade de participación e de expresión, este longo e continuo entrenzado foi cortado en vivo pola sublevación militar.

"Asi, desta maneira, a "Galicia Grande" que se alongaba ate o rio Douro xa non era senón ca o discurso circunstan-

cial e ameazante de Don Ramón Otero Pedrayo no restaurant La Bombilla de Madrid; Irlanda —un dos temas de referencia na prensa galeguista— a encrequenarse cun anaco do seu territorio ocupado; os armadores vigueses e os industriais de orixe catalán, aos que Bóveda lles falara no Circulo Mercantil das avantaxes económicas cunha Galicia de seu, xa non necesitaban interesarse polo caso galego".

Era a nosa conclusión sen alento, ó achegarnos ó remate do que xa titulabamos "Prensa e galeguismo", mentres nunha entrevista o profesor Carvalho Calero dicíanos que a abraiante maioría de votos "si" que acadara o Estatuto chegan cuns comicios sen adversario. Porque o adversario preparaba a imposición lisa do terror.

No 1922 saúdan a saída do *Galicia* outros xornais. *El Noroeste*, dende A Coruña: "GALICIA tiene un magnífico aspecto y hállase dotado de servicio informativo presentando en su redacción plumas muy brillantes, algunas estimadísimas en esta casa"; *Faro de Vigo*, *La Zarpa*, dende Ourense: "Por la comunidad espiritual que nos une a GALICIA y por tratarse de un periódico que viene a honrar, por sus orientaciones y por lo espléndido de su factura a la Prensa gallega, le deseamos larga y holgada vida"; *La Concordia*, de Vigo; *El Noroeste*, de A Coruña; *Diario de Galicia*, de Santiago; *Galicia Social*, de Vigo: "GALICIA publica amplia y extensa información telegráfica y telefónica de absoluta seriedad. Tiene corresponsales propios en Madrid, en las ciudades y los pueblos gallegos, Portugal, América y en los principales centros informativos de Europa".

Liberal, independente e galeguista, tal e como o definiu Paz Andrade nunha entrevista publicada o 22 de maio de 1987 no periódico *A Nosa Terra*, no seu primeiro número exhibe os seus albos xa que en "tiempos de general despertamiento, de revisión y de inquietud, es cuando la voz de las colectividades conscientes debe encontrar órganos libres", gábase da súa profesionalización ó sinalar que conta con correspondentes propios e con traballos asinados "escritos expresa-

mente para GALICIA", leva abondosa *PUB* e é consciente dos novos obxectos de consumo cultural ó lle dedicar un solto a Anne Case, protagonista de *La Verdad Oculta*, e presentala como "la genial actriz del arte mudo".

"Resonador claro, imparcial y sereno del heterogéneo vivir diario de nuestra tierra", anuncia no editorial; expresará o ideario de seu a través dos articulistas, de Luís Peña Novo (que no número 3 tratará a crise da democracia), enarborará a bandeira interclasista —"el pueblo heterogéneo"— que é común ao galeguismo, e manterá que o goberno —"la función directora de los pueblos"— ten que mudar de mans, ou de Antón Villar Ponte, un xornalista lúcido que se reunía no café habaneiro "La Puerta del Sol" con Basilio Álvarez e Roberto Blanco Torres e que no 1916 realiza un chamamento a prol do idioma galego, artella a Irmandade da Fala fundacional e permite que hoxe esteamos pendentes do seu artigo "Palabras preambulares", no número 6 do *Galicia*, na edición do domingo 30 de xullo de 1922:

> "El diario-oficina, tan común en Galicia, sin otro objeto que el de defender los intereses materiales de una empresa y los políticos de un cunero y que se reduce a un editorial hueco, a unos artículos "espontáneos", a unos sueltos de compadrazgo llenos de elogios adjetivados y a una sección telegráfica y telefónica, pide la oposición de un diario europeo, de un diario, donde además de todas las noticias mundiales cotidianas se registren y definan las corrientes ideológicas en boga, hasta ahora solo conocidas por la mayoría de las gentes a través de la prensa madrileña, con muchos meses y aún años de retraso.
>
> (...)
>
> Os lo dice un periodista que, aunque ya veterano, comienza a escribir lleno de emoción en este nuevo periódico por creerlo el periódico moderno que necesitamos".